



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2023/2	A Xunta de Goberno Local

**Berta Alonso Soto, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 12 de decembro de 2023 se adoptou, por unanimidade de votos a favor, o seguinte acordo:

Expediente 135/2023. Aprobación Subvención nominativa a favor da Federación Galega de Balonmán

RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto no art. 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións -LGS-, poden concederse subvencións directamente (sen concorrencia pública) no suposto seguinte:

“a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

Así mesmo en desenvolvemento deste precepto o art. 65 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións -RLGS-, sinala que:

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Considerando que figura no Estado de Gastos do Orzamento para o exercicio 2023 a seguinte partida orzamentaria:





PARTIDA
DENOMINACIÓN
IMPORTE
2022 341 48000
CLUB BALONMÁN-CAMPIONATO PRAIAS
45.000,00

As Base de Execución do orzamento se sinalan na disposición adicional Terceira: Plan estratéxico de Subvencións: Considérase con arranxo a este capítulo a Subvención establecida nos orzamentos ca Federación Galega de Balonmán para organizar os campionatos de verán nas praias polo importe de corenta e cinco mil (45.000) euros que se desenvolverá con arranxo ao convenio (Resolución) que se formalice, autorizándose a Presidencia para aprobación e sinatura do mesmo, autorizándose a una subvención de ata o 95 por cento do importe do convenio. Dito convenio terá efectos dende o 1 de xaneiro deste exercicio.

Considerando que consta no expediente resolución de aprobación das Bases de desenvolvemento da Subvención.

Que en data 28.11.2023 é núm rexistro 2023-E-RE-122 a Federación Galega de Balonmán achega a seguinte documentación xustificativa:

- Certificado AEAT
- Certificado SS
- Certificado ATRIGA
- Memoria Supercopa e Copa Galicia
- Relación de facturas e pagos Copa Galicia 2023
- Relación gastos Copa Galicia 2023
- Relación de ingresos Copa Galicia 2023
- Memoria Xira Galega Bm praia 2023
- Relación facturas e pagos Xira Bm Praia
- Relación gastos Xira Bm Praia 2023
- Relación ingresos Xira Galega Bm Praia 2023

Á súa vez, segundo consta nos certificados aportados, queda acreditado que a referida entidade áchanse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter dita condición, previstas nas bases reguladoras da subvención, así como nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

Que a relación de facturas e os seus correspondentes xustificantes bancarios de pago que obran no expediente, corresponden có obxectivo, finalidade e actividades expostas nas memorias explicativas, sendo acordos coa tipoloxía de gastos descritos na cláusula sétima das bases que regulan a concesión da subvención.

A cantidade xustificada é superior a os ingresos xustificado en un 7,3 por cento e respecto a cantidade subvencionada, financiando o 59,43 da diferenza entre os gastos totais e subvención.

Visto o informe proposta da Xerencia de data 01.12.2023.





**Mancomunidad
de Concellos do
Morrazo**

Visto o informe de intervención de data 04.12.2023.

Propoño a Xunta de Goberno:

Primeiro: Considerar cumprida os requisitos de outorgamento da subvención, dar por xustificadas os gastos e custes da mesma e ordenar o pago da subvención a Federación Galega de Balonmán na cantidade sinalada nos orzamentos da Mancomunidad dos Concellos do Morrazo para o exercicio 2023 consistente na cantidade de 45.000,00 euros a favor da mesma.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

